

## IMPORTANTE e outras notas

**NOTA DA EMPRESA:** cada viaxe está feita e desenrolada con cariño e dedicación; para os que formamos este equipo, as viaxes son xentes doutras culturas, outras vilas e cidades, outras obras e segredos, outras costumes e outras tradicións, e propoñémolas como medio de escape das rutinas, traballos e ataduras diarias. Se non che gustan perdón, e perdón tamén a erros que poidamos ter nos destinos, nomes dos lugares, festas, etc. E sobre todo *Déixate viaxar!*

**RELATIVO ÁS HABITACIÓNS:** prezo por persoa en habitación dobre. se vas só/soa e prefires habitación dobre, nós axudámosche a buscar ese compañeir@ para a habitación. Habitación individual ten suplemento do hotel.

**RELATIVO Ó INCLUÍDO:** todas as viaxes inclúen autocar, xantar, aloxamento en pensión completa (nas viaxes de varios días), seguro de viaxe, guías-acompañantes e guías locais, visitas e entradas ós sitios que se mencionan.

**RELATIVO ÁS RUTAS:** as denominadas "rutas de sendeirismo" son sempre camiñadas que se van a facer por certos paraxes naturais ou lugares de interese dunha forma tranquila e sen dificultade, non son eventos deportivos. Cando estes recorridos teñen certas dificultades coma bastante costa ou pasa dos 10-12 km xa se indica. no inicio das camiñadas sempre se proporciona un pequeno refrixerio para o camiño.

**RELATIVO A MÍNIMO DE RESERVAS:** saírase sempre que haxa un mínimo de 25-30 persoas, según a viaxe.

**RELATIVO ÓS AUTOCARES:** a capacidade (tamaño) dos autocares, virá determinado polo número de viaxeir@s. Xeralmente son autocares de 55 prazas, pero en certas ocasións cando o número de viaxeir@s é bastante inferior, lóxicamente usaranse autocares de menor capacidade

**RELATIVO A NEN@S:** todas as viaxes son aptas para nen@s (menos de 12 anos), salvo que se indique o contrario, e levan un desconto, consultar.

**RELATIVO O PRAZO DE RESERVA:** prazo máximo de reserva para unha viaxe de varios días, será un mes antes e 15 días antes formalizado o pago. Prazo máximo de reserva para unha excursión dun día, será de 15 días antes, e 7 días antes formalizado o pago.

**RELATIVO AS FORMAS DE PAGO:** transferencia bancaria, tarxeta na web, tarxeta na oficina, efectivo na oficina, e por bizum (inda que esta forma non se aconsella por ser complicado realizalo pago ó ser bizum de empresas).

**RUTAS DE RECOLLIDA:** aparte das nosas paradas de recollida de sempre (a saber, de Ribeira a Santiago), haberá 2 novidades:

"Mediante transporte de lanzadeira collarase viaxeir@s da zona de Noia ata muros para Rianxo. Así, non aumentamos tempo de recollida para a xente de Noia-Muros, nin para os da ruta de sempre do Barbanza".

"E tamén segundo a viaxe, faranse breves paradas na ruta, como poden ser Ourense, Vigo, Pontevedra, etc. Isto indicárase en cada viaxe ou excursión coma "posible parada en ".

